



SERVIZO
GALEGO
de SAÚDE

Oferta persoal Estatutario de 2019
Técnico/a en coidados auxiliares de enfermmería
Acceso discapacidade intelectual



Terceiro exame: coñecemento de galego

Instrucións

- O exame ten 5 preguntas.
Debes marcar as respostas na folla de respostas.
Tamén tes que contestar a pregunta de reserva.

- Tes **media hora** para facer o exame.

- Todas as preguntas teñen 4 respostas.
Só 1 resposta é correcta.
As preguntas que respondas ben suman 1 punto.
As preguntas que deixes en branco non puntúan.
As preguntas que respondas mal non puntúan.

- Cando termines o exame,
entrega o cuestionario e a folla de respostas.
Debes entregar o cuestionario e a folla de respostas
á persoa da organización que está na porta pola que entraches.
A persoa da organización entregaráche
a copia da folla de respostas de cor azul.

- Podes descargar o cuestionario de preguntas
na páxina web www.sergas.es

Le con atención as normas para cubrir as respostas do exame.

1. Sinale cal das seguintes é unha parte do corpo humano:

- A) O nocello.
- B) A fazula.
- C) O ollomol.
- D) As respostas a) e b) son correctas.

2. Escolla a definición correcta de "vacina":

- A) Instrumento sonoro.
- B) Aparato que mide a temperatura do noso corpo.
- C) Vaca pequena.
- D) Substancia que se inxecta no organismo para previr determinadas enfermidades.

3. Daniel está enfermo e decide ir ao médico.

Ten que realizar unha análise de sangue mañá en xaxún.

O médico dille que durante o xaxún non poderá comer.

Que cousa non pode facer Daniel durante o xaxún?:

- A) Durmir.
- B) Camiñar.
- C) Tomar alimentos.
- D) Traballar.

4. Sinale a opción correcta en galego:

- A) A orixen.
- B) A orixe.
- C) O orixe.
- D) O orixen.

5. Antón é un rapaz de once anos ao que lle gustan moito os libros de aventuras.

Antón comparte esta afección polas aventuras coa súa curmá Sabela.

Que outra palabra ten o mesmo significado que "curmá"?:

- A) Veciña.
- B) Amiga.
- C) Avoa.
- D) Prima.

Preguntas de reserva

1. Indique a opción correcta en galego:

- A) Estes nenos fixeron unha viaxe a Londres.
- B) Estos nenos fixeron unha viaxe a Londres.
- C) Estes nenos fixeron un viaxe a Londres.
- D) Estos nenos fixeron un viaxe a Londres.